



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroën

# A corda rompe sempre pola zona máis feble.

Do tratamento deste conflito entre patróns, dúas son as lecturas que facemos na C.I.G.

En primeiro lugar hai que reparar no tratamento que a noticia tivo en gran parte dos medios de comunicación. Observaríamos que o trato foi de guante branco. De ser a orixe do problema un conflito laboral, os titulares serían moi distintos, chegarían algúns deles a certa alarma social, colocando os traballadores/as como uns irresponsables. Nesta ocasión o desencontro ó ser empresarial e apesares das graves consecuencias que tivo para moitos Centros de traballo, afectando a milleiros de traballadores/as, case se dá a entender como algo “comprensible” nas relacións entre “xente respectable” da Comunidade, namentres, cando somos os traballadores quen exercemos un dereito constitucional como é o exercicio da folga, satanízannos. Evidentemente hai clases.

En segundo lugar corresponde a análise da solución que se aplica. É certo que temos previstos no Calendario “días de adecuación”, é dicir, días de exceso de xornada que son dos traballadores/as, e se ben poden ser colocados ó longo do ano, non é menos certo que dicirnos telefonicamente ó xoves ás 11 do mediodía, co prato na mesa e canto xa transcorreu a metade do día, que **non veñamos traballar**, feitos que se repiten no venres. É evidente que non encaixa o decláralos agora como días de adecuación de xornada, porque... ¿qué utilidade tiveron para os traballadores/as as xornadas do xoves e o venres? Ningunha, e incluso por riba moitos compañeiros/as non cobrarán eses dous días.

Por iso a C.I.G., dende o primeiro momento entendeu que neste caso, máxime cando a propia Dirección reclamará danos e prexuízos a empresa causante do conflito, esta reclamación deba contemplar todas as consecuencias, incluídas as máis importantes que son as salariais. Polo tanto, dende a C.I.G., reiteramos que os traballadores non deben pagar facturas doutros, de non ser así ¿cales son os supostos nos que os traballadores/as non pagaríamos?

Todo o ocorrido lévanos a unha dúbida razoable no terreo de se este proceder está dentro da legalidade.

Vigo, 22 de Abril de 2010

**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA**